

Tema e exercicio de repaso: Le fai os exercicios que se propoñen ao final do tema

OS DEREITOS HUMANOS

INTRODUCCIÓN

1. QUE SON E EN QUE SE FUNDAMENTAN OS DEREITOS HUMANOS?

2. AS TRES XERACIÓNS DE DEREITOS HUMANOS

2.1. PRIMEIRA XERACIÓN: OS DEREITOS DA LIBERDADE

2.2. SEGUNDA XERACIÓN: OS DEREITOS DA IGUALDADE

2.3. TERCEIRA XERACIÓN: OS DEREITOS DA SOLIDARIDADE

3. PARADOXAS DOS DEREITOS HUMANOS

INTRODUCCIÓN

Os Dereitos Humanos son un conxunto de esixencias éticas,, un “horizonte de valores humanos” universalizable que se supón está por riba de crenzas erelexións. Son un intento de que os seres humanos utilicen a súa razón e a súa liberdade para construír un mundo mellor, unha “utopía razoable”. Os Dereitos Humanos preséntanse como una especie de “DEREITOS MORAIS” xa que parecen presentarse como esixencias éticas, valores que deben ser respectados por todos os seres humanos e que deben ser garantizados polos gobernos de todos os países. O seu fundamento filosófico está recollido no inicio da Declaración dos Dereitos Humanos, e di así:

“Considerando que o respecto á dignidade inherente a todos os membros da familia humana e aos seus dereitos iguais e inalienables constitúe o fundamento da liberdade, da xustiza e da paz do mundo ... os pobos das Nacións Unidas proclaman de novo a súa fe nos dereitos fundamentais do ser humano, na dignidade e no valor da persoa humana”.

Así pois, os Dereitos Humanos preséntanse como un conxunto de “esixencias éticas” que todos os gobernos firmantes deben cumprir. Trátase duns valores éticos que pretenden ser válidos para todos con independencia da lingua, cultura, sexo, relixión, etc, valores que se sitúan entre a Ética e o Dereito e inspiran desde a Ética todas as constitucións democráticas que hai no mundo. Os Dereitos Humanos apostan polo respecto á persoa coa súa dignidade e os seus dereitos inalienables e esixen que os Estados do mundo elaboren leis positivas de acordo con esta Declaración.

1. QUE SON E EN QUE SE FUNDAMENTAN OS DEREITOS HUMANOS?

En principio, enténdese que os Dereitos Humanos son os que posee todo ser humano polo feito de selo con independencia de que sean recoñecidos ou non polo Dereito. Os Dereitos Humanos foron sendo recoñecidos ao longo da historia, a través dun lento proceso de aprendizaxe moral que aínda non terminou. Como antecedentes históricos da Declaración Universal dos Dereitos Humanos do 10 de Decembro de 1948 destacan:

“ Declaración inglesa denominada “Bill of Rights” (1689).

“ Declaración dos Dereitos de Virxinia dos EE.UU. de América (1776).

“ Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán (1789 y 1793).

En todas estas Declaracións e documentos históricos existe unha visión do ser humano na que se defende a dignidade inalienable e esencial de toda persoa humana, por riba e á marxe de cualquera circunstancia accidental como nacionalidade, sexo, lingua, relixión ou nivel de instrución. As primeiras elaboracións dun auténtico código de Dereitos Humanos tiveron lugar nos ambientes liberáís e democráticos do século XVIII. Mantendose neste espírito, pero fecundado coas novas ideas socialistas, sindicalistas e humanistas, casi 150 anos despois das Declaracións americana e francesa o día 10 de decembro de 1948 a Asamblea Xeral da ONU aprobou a Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Esta Declaración xurdiu despois das tráxicas consecuencias da Segunda Guerra Mundial (millóns de mortos, persecucións raciais e políticas políticas, campos de concentración e de exterminio, bombas atómicas de Hiroshima e Nagasaki, etc.)e tras a derrota dos exércitos nazis, fascistas e imperialistas. Na Declaración Universal dos Dereitos Humanos se reflicten aquelas dolorosas experiencias, e se insiste na dignidade, a igualdade e a liberdade das persoas na necesidade da paz e da cooperación entre todos os Estados. Así pois, os Dereitos Humanos se fundamentan na inalienable dignidade da persoa humana e posúen vixencia universal. Isto implica os seguintes aspectos:

1. Ningunha persoa pode ser privada deles.
2. Deben ser respectados pola lexislación de todos os Estados.
3. Deben servir como marco de referencia para organizar a vida social e política.
4. Debe constituir o código básico e fundamental da xusticia de todas as nación e do Dereito Internacional.

Os Dereitos Humanos son esixencias elementais que pode plantexar cualquera ser humano Polo feito de ser humano, e que teñen que ser satisfeitas porque se refiren a unhas necesidades básicas, cuxa satisfacción é indispensable para que podan desenvolverse como seres humanos. Son uns dereitos tan básicos que sen eles resulta difícil levar unha vida digna. Por ser tan necesarios para a persoa dise que son:

“ Universais: débense recoñecer en TODOS os seres humanos. Son as esixencias mínimas que se deben garantir en recoñecemento da súa condición de humanos.

“ Prioritarios: ao entrar en conflito con outros dereitos, teñen que ser protexidos dun xeito prioritario.

“ Innegociables: ningunha sociedade deba negar a protección destes dereitos aos seus membros. Ademais, todas as sociedades teñen que contribuir no contexto mundial para lograr que se respecten os dereitos de todas as persoas, sexa cal sexa a sociedade concreta á que pertencen.

En conclusión, os Dereitos Humanos (DD.HH.) son uns mínimos morais de xustiza que deben ser satisfeitos porque sen eles non se pode construír unha sociedade xusta nin un mundo en paz e harmonía.

2.- AS TRES XERACIÓNS DE DEREITOS HUMANOS

Como indicábamnos, os Dereitos Humanos fóronse recoñecendo ao longo da historia a través dun lento proceso de aprendizaxe moral que non rematou. Neste proceso pódense distinguir, ata agora, tres grandes fases que adoitamos denominar “as tres xeracións” dos Dereitos Humanos. Estas tres xeracións constitúen os requisitos básicos para levar unha vida digna. Cada unha destas xeneracións alumbrou un determinado conxunto de dereitos.

2.1. PRIMEIRA XERACIÓN: OS DEREITOS DA LIBERTADE

A “primeira xeración” é a dos dereitos civís e políticos. Empezaron a ser reivindicados pola burguesía fronte ao Antigo Réxime Feudal a partir do século XVI, e son os que reivindicaban revolucionarios liberais dos séculos XVII e XVIII fronte as monarquías absolutas. Son as liberdades individuais e os dereitos de participación política: o dereito á vida e á integridade física, a pensar e a expresarse libremente, a reunirse con quen se queira, a desplazarse libremente, a participar no goberno do propio país, a non ser detido sen motivo legal, a ser xulgado con garantías de imparcialidade, as proteccións do dereito á intimidade e á boa fama, os dereitos da propiedade privada e da libre contratación, a comerciar libremente, entre outros. En liñas xerais podemos considerar estes dereitos como inspirados nun valor moral básico que lles serve de guía: a liberdade.

Este grupo de dereitos está relacionado co concepto de Estado de Dereito que fai referencia a aquel sistema político que respecta as liberdades básicas. Este tipo de sistema político é oposto a unha dictadura ou a un sistema autoritario pois no “estado de dereito” ninguén (policía, gobernante, etc...) se atopa “por riba da lei”. Esas liberdades individuais non deben ser violadas por ninguén, e menos polo Estado, posto que unha das súas misións é precisamente garantir o seu cumprimento.

2.2. SEGUNDA XENERACIÓN: OS DEREITOS DA IGUALDADE

Os dereitos da Segunda Xeración son os económicos, sociais e culturais como o Dereito á educación, á atención sanitaria, á protección contra o desemprego, a un salario digno, ao descanso e a o l ocio, a unha xubilación digna, a disfrutar dos bens culturais, etc. Foi o movemento obreiro durante os séculos XIX e XX o principal protagonista na loita polo recoñecemento efectivo destes dereitos. Con eles preténdese dotar dun apoio real aos dereitos da Primeira Xeración, porque difícilmente se poden exercer os dereitos civís e políticos se non se ten un mínimo de ingresos económicos, unha protección contra a enfermidade ou un nivel cultural mínimo.

Este tipo de esixencias foi abrindo camiño a unha nova mentalidade segundo a cal é necesario que o Estado non se limite a manter a orde pública e o cumprimento dos contratos, senón que actúe positivamente para que os dereitos da Primeira Xeración non sexan un privilexio duns cantos senón unha realidade para todos. E só podemos ter acceso a eles se a sociedade respecta o principio básico de igualdade de oportunidades, e dicir, que todas as persoas podan ter liberdade de expresión e pensamento, ou dereito a participar da vida política supón que antes tiveron un mínimo de formación e educación ou un salario digno para as necesidades básicas e non que os seus intereses e posición dependan exclusivamente da familia na que naceron, rica

ou pobre, nobre ou obreira. Ningún neno ou nena debера ver marcado o seu destino sen escapatoria pola familia de orixe. Todas e todos deberan ter igualdade de oportunidades para ter acceso a iguaes dereitos. Por esta razón dise que a Segunda Xeración constitúe o conxunto de esixencias da igualdade.




Este grupo de dereitos, xunto cos da Primeira, configuran un novo modelo de Estado que se denomina Estado Social de Dereito. O engadido “social” á expresión “Estado de Dereito” significa que agora non só se trata de que

os cidadáns sexan “libres e Iguais ante a lei”, senón que ademáis se poñen as medidas para que todos accedan ós bens básicos necesarios para tomar parte na vida política e cultural. O Estado Social de Dereito garantiza as mesmas libertades que e modelo liberal (só estado de dereito) e ademáis intenta redistribuir a riqueza para asegurar que se protexan os dereitos económicos, sociais e culturais.

IGUALDAD NO SIGNIFICA JUSTICIA

IGUALDAD

JUSTICIA



2.3. TERCEIRA XERACIÓN: OS DEREITOS DA SOLIDARIDADE

Por último, os dereitos da Terceira Xeración son uns dereitos moi básicos dos que se empezou a falar hai pouco: trátase do dereito a vivir nunha sociedade en paz nun medio ambiente sano

(non contaminado). Evidentemente, se non se cumpren estes dereitos non parece posible que se podan exercer os das dúas xeneracións anteriores. Neste caso non basta con que se tomen medidas no interior dun Estado, porque o cumprimento destes dereitos precisa un esforzo de solidariedade entre todas as nación e estados da Terra. É necesaria a solidariedade internacional para que se podan cumprir os dereitos da Terceira Xeración, pues como se podrá acabar coa contaminación del medio ambiente se uns países se comprometen a non contaminar e outros non? Ou, como se poderá acabar coas guerras mentras non exista un firme compromiso de todos para controlar o tráfico de armas? Non obstante, a comunidade internacional cases está comenzando a dar os primeiros pasos para que estes dereitos sexan algún día unha realidade.

En resumo, podemos dicir que cada unha das tres xeracións de dereitos plantexa as esixencias da dignidade humana que se contén nos tres valores básicos da tradición política da Modernidade, que se berraban no lema da Revolución Francesa e que son a liberdade, a igualdade e a solidariedade, e que podemos representar mediante o seguinte esquema:

| Derechos Humanos | Valor moral guía | Modelo de Estado |
|-------------------------|-------------------------|-----------------------------|
| 1ª Xeración | Liberdade | Estado de Dereito |
| 2ª Xeración | Igualdade | Estado Social de Dereito |
| 3ª Xeración | Solidariedade | Estados Solidarios entre sí |

3. PARADOXAS DOS DEREITOS HUMANOS

Os Dereitos Humanos plantexan na actualidade unha serie de paradoxas que é necesario ter presentes para saber cal é a súa realidade.

“ A primeira destas paradoxas é que non son unha realidade conseguida. Ao contrario, pódese dicir que as violacións cotidiás dos Dereitos contidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos constitúe o núcleo esencial da información diaria dos medios de comunicación.

“ Outra paradoxa atópase no feito de que, aínda sendo aceptados por todos os países do mundo, os Dereitos Humanos non constitúen un conxunto de leis positivas, propias dun código xurídico coercible, posto que non hai un poder internacional legalmente constituído que sexa quen de obrigar ao seu cumprimento. Tampouco existen tribunais que condenen mediante sentencias executivas a penas polo su incumprimento. Este foi e é o caso demoitos gobernos condenados moral e politicamente polas Nacións Unidas e por Amnistía Internacional (Somalia, Guatemala, Sudán, EE.UU., etc.) por quebrantar os Dereitos Humanos de xeito continuo, pero que seguen a facelo impunemente. É verdade que existen mecanismos de denuncia de violacións dos Dereitos Humanos a determinadas instancias como a O.N.U. ou o Tribunal Internacional de Xustiza de La Haya (Holanda).

Asimismo, en Europa existe el Tribunal Europeo de Dereitos Humanos con sede en Estrasburgo no que todos os cidadáns europeos poden interpoñer recursos xurídicos contra un Estado membro do Consello de Europa por violación dos Dereitos Humanos.

Sen embargo, todas estas instancias, aínda que poden condear, non poden sancionar nin facer que a condea sexa efectiva nin obrigar ao seu cumprimento. Por todo isto, en demasiadas ocasións a Declaración Universal dos Dereitos Humanos queda en papel mollado, burocracia ou simple hipocresía.

Finalmente, hai quen acusan aos Dereitos Humanos de etnocéntricos porque foron promulgados desde a cultura occidental, sen contemplar as diferenzas culturais existentes no mundo. Sen embargo, non se trata duns dereitos terminados definitivamente senón de algo que debe estar sometido a constante crítica e revisión, non se trata -ou non debe tratarse- de impoñer a nosa cultura ao resto do mundo, senon de intentar establecer, a través do diálogo entre todas as culturas, uns valores universalizables, é dicir, dignos de ser universalizados.

Os Dereitos Humanos son pois uns mínimos de xustiza imprescindibles para construír un mundo máis xusto no que podamos convivir en paz e harmonía todas as culturas. En definitiva, se trata dunha utopía razoable que depende do noso esforzo que se faga realidade. Y, xeneralmente, o problema fundamental non está tanto no recoñecemento destes dereitos senón na súa posta en práctica. Lamentablemente ademais a violación dos mesmos non só se produce nos países pobres senón tamén nos países que temos a ironía de chamar desenvolto.

Exercicios:

1. Fai un resumo ou esquema do tema.
2. A reivindicación, loita e logro dos dereitos humanos estivo historicamente asociada á vida política e económica. Fai unha redacción que resuma esta conexión.
3. En liñas xerais se critica á política e economía neoliberal a posta en perigo de determinados dereitos. Indica os máis importantes e fai unha reflexión crítica sobre este asunto na actualidade, mesmo en tempos de pandemia. Lembra as liñas xerais do neoliberalismo:

✓ **Goberno do mercado:** Liberación das empresas privadas de calquera control imposto polo Estado. Redución dos salarios mediante a “desindustrialización” dos traballadores. Eliminación dos controis de prezos, en definitiva, liberdade total para o movemento de capitais, bens e servizos. “Un mercado desregulado” é a mellor maneira de promover o crecemento.

✓ **Redución do gasto público en servizos sociais:** como a educación e sanidade que privatizadas poden dar grandes beneficios aos empresarios que se fagan co sector.

✓ **Privatización:** Venta de empresas, bens e servizos públicos (petrolio, ferrocarril, correos...) a inversores privados. Elimínase o concepto de ben público polo de responsabilidade individual.

✓ Desregularización: É dicir, eliminar todas as regulaciones públicas da vida económica e social para que eles (a élite empresarial) podan establecer as súas propias regras.